

ct

Despois das ondas

de
Ernesto Is

(fragmento en galego)

Tren.

E agora? Que vén agora?
Que é o que queda despois?

*“Españoles... Franco ha muerto. El hombre de excepción que ante Dios y ante la Historia asumió la inmensa responsabilidad del más exigente y sacrificado servicio a España, ha entregado su vida, quemada día a día, hora a hora, en el cumplimiento de una misión trascendental...”*¹

Nada.

O baleiro.

A imaxe en branco e negro que me devolve o meu televisor, salpicada de recordos.

Pranto. Ira. Naufraxio.

Meu pai... Miña nai...

Un géyser estoupa diante da miña cara. Escacha a miña memoria.

...

– Síntoo, André. Síntoo, compañeiro... Non podo parar. Non quero deixar de chorar.

...

Fin e Inicio.

Todo ou Nada.

Enróscome sobre min mesma.

Devórome de seguido coma os uróboros.

Engulo a miña memoria na soidade do meu carto.

Destrúo e creo.

El morre, mais eu vivo.

É absurdo.

Despois de todo aquilo!

Un novo comezo.

Despois de corenta anos e todo aquilo!

Volvo á liña de meta.

Encallo nunha nova ribeira.

O tren avanza recto polas vías, mais eu convértome nunha circunferencia continua sen principio nin final.

Toda unha vida corre na miña contra.

19 de xullo de 1976.

Corenta anos e un día despois.

Volvo regresar.

¹ Arias Navarro anuncia a morte do ditador Francisco Franco en TVE (1975)

Apoio o meu nariz na xanela para darlle a benvida a un novo día. Quero envellecer baixo a luz deste día. Vivir con tanta forza até morrer de vivir.

A luz virxe vai sucedendo as paisaxes unha trala outra, como nesas cámaras de xoguete.

(Clic!) Fotografías físicas. *(Clic!)* Fotografías mentais. *(Clic!)*

Que ulen.

Que soan.

Que saben na memoria.

De súpeto, *(Clic!)* Castela.

O recanto inabarcable do horizonte. A fin e o inicio desta viaxe. *(Clic! Clic!)*

A silueta dun home inmóbil custodia a parede branca dun pobo perdido. As súas mans labran o lenzo deste cadro de chairas ocre e ceos azuis que non comprendo. Non saberei nunca falar de Castela. Non saberei nunca falar das cousas insondables.

Madrid recíbeme durmida. Chea de recordos.

Aquí foi onde viron partir á nena. Aquí é onde agora agardan pola actriz.

Reconstrúo a cidade diminuída polos anos. Mais, se cadra, son eu a que medrou.

Un novo mundo xorde despois do tremor das ondas.

Piso as táboas do Reina Victoria por primeira vez.

Volvo pisar Madrid por primeira vez.

Descórrese o pano. A miña función está a piques de comezar.

...

“¡Que tiemblen desde hoy los de esta casa, los que me conocéis bien y los que nunca me hayan visto; los que se muevan cerca y los que se hallen lejos!”²

...

Aplausos.

Rosas brancas e caraveis vermellos.

As palabras de Alberti atronan nas paredes do teatro.

Aplausos.

Corenta anos e toda unha vida vivida polo medio.

Aplausos.

Corenta anos...

Corenta anos e agora –só agora– comezo a ser María.

² *El adefesio*, Rafael Alberti